



□ É posible promover novas formas de vivir xuntos alén do individualismo e a competitividade globais, mesmo cando este obxectivo nos parece imposible de alcanzar? Somos quen de establecer relacións baseadas na negociación, o compromiso e a cooperación sen renunciar ao disenso e ás diferenzas que nos conforman? Que axencias prácticas, teóricas e simbólicas podemos imaxinar no medio dun contexto sociopolítico rexido pola rivalidade e a separación?



A timidez da copa das árbores é un fenómeno botánico mediante o cal cada árbore define un límite no seu crecemento, facilitando unha coexistencia no dosel forestal máis aló da competencia entre especies. De entre as posibles respostas arredor desta *consciencia* das árbores, tomamos como referencia a súa capacidade para o intercambio de sinais químicos que lles permite alertarse sobre a presenza de pragas, enfermidades, estrés ambiental, ou delimitar o espazo de desenvolvemento propio en harmonía co dos demais. Estas infraestruturas vexetais provocan o que se coñece como rañuras da timidez: baleiros entre as copas, que non chegan a tocarse ou o fan discretamente; fendas que aquí se len como espazos de posibilidade.

A observación poética deste fenómeno, ademais de cuestionar algunhas lecturas hexemónicas arredor da natureza nas que prevalece a loita pola supervivencia do máis forte, pon en dúbida calquera xustificación da competitividade salvaxe dentro do actual marco socioeconómico. Ben ao contrario, esta intelixencia colectiva, este coidado polo conxunto, ofrécenos un diálogo coa nosa contemporaneidade e a urxencia





de reaccionar como sociedade cara á creación dun ecosistema onde as relacións, os encontros e os intercambios poidan darse aínda a partir de sinerxías.


Tomando como punto de partida o potencial da metáfora, esta exposición reúne prácticas artísticas que promoven ou visibilizan novos escenarios heteroxéneos para vivir xuntos e aprender os uns dos outros dende a alteridade e a diferenza. Trátase de repensar que pode significar e implicar unha comunidade a día de hoxe a través de obras que contribúen a unha comprensión máis ampla do termo, sen negar a existencia de conflitos, a inestabilidade ou a fragilidade. Propoñemos atopar posibilidades no medio das complexidades e contradicións contemporáneas que nos permitan cohabitar e xerar vínculos máis sutís e flexibles co outro; compartir debilidades para facernos máis fortes. Para iso, proponse un achegamento á natureza máis aberto e distorsionado, poñendo en valor metodoloxías de investigación e aprendizaxe intuitivas e poéticas.

As pezas expostas no **MARCO** Museo de Arte Contemporánea de Vigo, convidan a sentir o outro, a tomar consciencia do propio corpo con relación ao dos demais nun espazo-tempo concreto non alleo ás vicisitudes propias das relacións humanas. O conxunto dá forma a unha escultura social que apela a ese sentimento que se dá nas rúas e prazas durante as mobilizacións cidadás, onde a comunicación co outro transcende as barreiras verbais en favor do poder dos corpos en conxunción. Árbores e individuos que emerxen, que expoñen o corpo a diario, aínda que non sempre resulte visible. O reto agora reside en soñar e construír colectivamente espazos reais para a crítica,

o desexo e a transformación que se conformen dende o que nos achega e o que nos afasta. Por que non activar unha imaxinación radical, ou facer uso dunha fábula, se iso nos leva a lograr os nosos fins?

Beatriz Alonso






ES ¿Es posible promover nuevas formas de vivir juntos más allá del individualismo y la competitividad globales, incluso cuando este objetivo nos parece imposible de alcanzar? ¿Somos capaces de establecer relaciones basadas en la negociación, el compromiso y la cooperación sin renunciar al disenso y a las diferencias que nos conforman? ¿Qué agencias prácticas, teóricas y simbólicas podemos imaginar en medio de un contexto sociopolítico regido por la rivalidad y la separación?

La timidez de la copa de los árboles es un fenómeno botánico mediante el cual cada árbol define un límite en su crecimiento, facilitando una coexistencia en el dosel forestal más allá de la competencia entre especies. De entre las posibles respuestas alrededor de esta *consciencia* de los árboles, tomamos como referencia su capacidad para el intercambio de señales químicas que les permite alertarse sobre la presencia de plagas, enfermedades, estrés ambiental o delimitar el espacio de desarrollo propio en armonía con el de los demás. Estas infraestructuras vegetales provocan lo que se conoce como ranuras de la timidez: vacíos entre las copas, que no llegan a tocarse o lo hacen discretamente; grietas que aquí se leen como espacios de posibilidad.

La observación poética de este fenómeno, además de cuestionar algunas lecturas hegemónicas alrededor de la naturaleza en las que prevalece la lucha por la supervivencia del más fuerte, pone en duda cualquier justificación de la competitividad salvaje dentro del actual marco socioeconómico. Bien al contrario, esta inteligencia colectiva, este cuidado por el conjunto, nos ofrece un diálogo con nuestra contemporaneidad





y la urgencia de reaccionar como sociedad hacia la creación de un ecosistema donde las relaciones, los encuentros y los intercambios puedan darse aún a partir de sinergias.

Tomando como punto de partida el potencial de la metáfora, esta exposición reúne prácticas artísticas que promueven o visibilizan nuevos escenarios heterogéneos para vivir juntos y aprender los unos de los otros desde la alteridad y la diferencia. Se trata de repensar qué puede significar e implicar una comunidad a día de hoy a través de obras que contribuyen a una comprensión más amplia del término, sin negar la existencia de conflictos, la inestabilidad o la fragilidad. Proponemos encontrar posibilidades en medio de las complejidades y contradicciones contemporáneas que nos permitan cohabitar y generar vínculos más sutiles y flexibles con el otro; compartir debilidades para hacernos más fuertes. Para ello, se propone un acercamiento a la naturaleza más abierto y distorsionado, poniendo en valor metodologías de investigación y aprendizaje intuitivas y poéticas.

Las piezas expuestas en el **MARCO** Museo de Arte Contemporánea de Vigo, invitan a sentir al otro, a tomar consciencia del propio cuerpo con relación al de los demás en un espacio-tiempo concreto no ajeno a las vicisitudes propias de las relaciones humanas. El conjunto da forma a una escultura social que apela a ese sentimiento que se da en las calles y plazas durante las movilizaciones ciudadanas, donde la comunicación con el otro trasciende las barreras verbales en favor del poder de los cuerpos en conjunción. Árboles e individuos que emergen, que ponen el cuerpo cotidianamente,

aunque no siempre resulte visible. El reto ahora reside en soñar y construir colectivamente espacios reales para la crítica, el deseo y la transformación que se conformen desde lo que nos acerca y lo que nos aleja. ¿Por qué no activar una imaginación radical, o hacer uso de una fábula, si eso nos lleva a lograr nuestros fines?

Beatriz Alonso





GL PREMIO MARCO / 49 NORD 6 EST / SFKM 2016 PARA NOVOS COMISARIOS

49 Nord 6 Est – Frac Lorraine, Metz, Francia

17 MARZO – 4 XUÑO 2017

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, España

23 XUÑO 2017 – 7 XANEIRO 2018

SFKM, Sogn og Fjordane Kunstmuseum, Førde, Noruega

17 FEBREIRO – 3 XUÑO 2018

COMISARIA **Beatriz Alonso**

ARTISTAS **Lara Almarcegui, Helena Almeida, Kader Attia, Jeremy Deller, Marta Fernández Calvo, Dora García, Jiří Kovanda, Amalia Pica, Rita Ponce de León, Alex Reynolds, Cecilia Vicuña**

PRODUCCIÓN **49 Nord 6 Est – Frac Lorraine, Metz (FR) / MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo (ES) / SFKM, Sogn og Fjordane Kunstmuseum, Førde (NO)**

DISEÑO EDITORIAL **Roberto Vidal, Madrid (ES)**

TRADUCCIÓN **Patricia Verdial**

IMPRESIÓN **Agencia Gráfica**

ISBN **978-84-943529-4-2**

DEPÓSITO LEGAL **VG 425-2017**

ES PREMIO MARCO / 49 NORD 6 EST / SFKM 2016 PARA JÓVENES COMISARIOS

49 Nord 6 Est – Frac Lorraine, Metz, Francia

17 MARZO – 4 JUNIO 2017

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, Spain

23 JUNIO 2017 – 7 ENERO 2018

SFKM, Sogn og Fjordane Kunstmuseum, Førde, Norway

17 FEBRERO – 3 JUNIO 2018

COMISARIA **Beatriz Alonso**

ARTISTAS **Lara Almarcegui, Helena Almeida, Kader Attia, Jeremy Deller, Marta Fernández Calvo, Dora García, Jiří Kovanda, Amalia Pica, Rita Ponce de León, Alex Reynolds, Cecilia Vicuña**

PRODUCCIÓN **49 Nord 6 Est – Frac Lorraine, Metz (FR) / MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo (ES) / SFKM, Sogn og Fjordane Kunstmuseum, Førde (NO)**

DISEÑO EDITORIAL **Roberto Vidal, Madrid (ES)**

TRADUCCIÓN **Patricia Verdial**

IMPRESIÓN **Agencia Gráfica**

ISBN **978-84-943529-4-2**

DEPÓSITO LEGAL **VG 425-2017**



GL © Fotografías, textos e traducións: os / as seus / súas autores / as

Este libro é un dispositivo de acompañamento á visita da exposición e forma parte dun proxecto editorial en proceso que culminará nun catálogo multilingüe.

ES © Fotografías, textos y traducciones: sus autores / as

Este libro es un dispositivo de acompañamento a la visita de la exposición y forma parte de un proyecto editorial en proceso que culminará en un catálogo multilingüe.

MARCO
FUNDACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA




GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE CULTURA

7



17

21



49 NORD
6 EST
FRAC
LORRAINE

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÂNEA DE VIGO



SOGN OG FJORDANE
KUNSTMUSEUM



8



18



6

A timidez da copa das árbores

MARCO, Museo de Arte
Contemporánea de Vigo
23/06/17 - 07/01/18

La timidez de la copa de los árboles



LARA ALMARCEGUI

Zaragoza (ES), 1972.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Róterdam (NL).

«Coa intención de mostrar a miña admiración polas pequenas construcións feitas pola xente nas hortas urbanas, decidín buscar nunha asociación de horteláns unha casoupa que se atopase abandonada e en moi mal estado. Pedín que ma prestasen, restaureina demollendo certas partes e reconstruíndo outras, pinteina e amoble, e convertina nun alpendre que funcionou como punto de encontro aberto para todos os horteláns». [Lara Almarcegui].

Se ben teñen a súa orixe a finais do século XIX como un medio de sustento alimenticio da clase traballadora, as hortas en terreos abandonados das cidades viviron unha grande transformación ata converterse hoxe en día nun lugar para o encontro social e a reconexión coa natureza. No medio dunha paisaxe urbana estritamente regulada e planificada polas autoridades, constitúen ademais un dos poucos espazos definidos pola práctica cotiá dos seus usuarios.

«Con la intención de mostrar mi admiración por las pequeñas construcciones hechas por la gente en los huertos urbanos, decidí buscar en una asociación de hortelanos una cabaña que se encontrara abandonada y en muy mal estado. Pedí que me la prestaran, la restauré demoliendo ciertas partes y reconstruyendo otras, la pinté y amueblé, y la convertí en una terraza que funcionó como punto de encuentro abierto para todos los hortelanos». [Lara Almarcegui].

Si bien tienen su origen a finales del siglo XIX como un medio de sustento alimenticio de la clase trabajadora, las huertas en terrenos abandonados de las ciudades han vivido una gran transformación hasta convertirse hoy en día en un lugar para el encuentro social y la reconexión con la naturaleza. En medio de un paisaje urbano estrictamente regulado y planificado por las autoridades, constituyen además uno de los pocos espacios definidos por la práctica cotidiana de sus usuarios.

UN CAFÉ AL AIRE LIBRE PARA

LOS HORTELANOS.

ASOCIACIÓN DE HUERTAS VAN HOUTEN,

WEEESP (ÁMSTERDAM), 2003.

HELENA ALMEIDA

Lisboa (PT), 1934.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Lisboa (PT).

SIN TÍTULO, 2010.

Amarrados polas pernas, Helena Almeida e máis seu home efectúan estrañas e persistentes idas e vindas diante dunha cámara fixa, inmóvil. Ao longo desta deambulación, os cables metálicos que os unen desfáanse progresivamente, pero a artista empéñase en readaptalos unha e outra vez. Podemos imaxinar momentos de dúbida e negociación silenciosa entre os corpos, a medida que se afastan, antes de saber cal dos dous reconducirá a acción.

O outro aparece aquí como apoio, pero tamén como peso co que hai que compoñer unha tensa coreografía, unha andaina obstaculizada e tediosa que nun principio semella dificultar o desenvolvemento persoal. Non obstante, a persistencia coa que este dúo avanza resulta conmovedora; é, como a artista sinalou no pasado, «unha busca do outro, do outro que está aí».


Amarrados por las piernas, Helena Almeida y su marido efectúan extrañas y persistentes idas y venidas delante de una cámara fija, inmóvil. A lo largo de esta deambulación, los cables metálicos que les unen se deshacen progresivamente, pero la artista se empeña en reajustarlos una y otra vez. Podemos imaginar momentos de duda y negociación silenciosa entre los cuerpos, a medida que se alejan, antes de saber cuál de los dos reconducirá la acción.

El otro aparece aquí como apoyo, pero también como peso con el que hay que componer una tensa coreografía, una andadura obstaculizada y tediosa que en un principio parece dificultar el desarrollo personal. Sin embargo, la persistencia con la que este dúo avanza resulta conmovedora; es, como la artista ha señalado en el pasado, «una búsqueda del otro, del otro que está ahí».

KADER ATTIA

Dugny, Seine-Saint-Denis (FR), 1970.

Vive e traballa / Vive y trabaja entre Berlín (DE) e / y París (FR).



GL Esta declaración case imperceptible é unha homenaxe á resistencia íntima exercida nos xestos cotiáns, mínimos, relegados á clandestinidade ou ao ámbito doméstico. O seu carácter efémero obriga a unha incesante reactualización, a unha reapropiación temporal cada vez que toma corpo mediante a escritura e a lectura na lingua do contexto onde se mostra.

RESISTER, C'EST RESTER

INVISIBLE [RESISTIR E

PERMANECER INVISIBLE], 2011.

Concibida durante as revoltas da Primavera Árabe, esta afirmación evoca un tempo contestatario e recórdanos que, máis alá das manifestacións, a desobediencia pode infiltrarse na vida de cada individuo. Os actos de resistencia, a priori individuais e sen relación entre si, vólvense colectivos no reagrupamento dos corpos.

Esta declaración casi imperceptible es un homenaje a la resistencia íntima ejercida en los gestos cotidianos, mínimos, relegados a la clandestinidad o al ámbito doméstico. Su carácter efímero obliga a una incesante reactualización, a una reapropiación temporal cada vez que toma cuerpo mediante la escritura y la lectura en el idioma del contexto donde se muestra. **ES**

Concebida durante las revueltas de la Primavera Árabe, esta afirmación evoca un tiempo de la contestación y nos recuerda que, más allá de las manifestaciones, la desobediencia puede infiltrarse en la vida de cada individuo. Los actos de resistencia, a priori individuales, se vuelven colectivos en el reagrupamiento de los cuerpos.

SPEAK TO THE EARTH AND IT WOULD

TELL YOU [MÜNSTER]

[FALALLE Á TERRA E ELA CHE DIRÁ],

2007-2017.

JEREMY DELLER

Londres (GB), 1966.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Londres (GB).

Cada dez anos *Skulptur Projekte* convida a artistas a realizar **GL** proxectos específicos no espazo público da cidade de Münster en Alemaña. Convidado na edición de 2007, Jeremy Deller propuxo unha colaboración aos usuarios dos máis de 80 xardíns comunitarios que existen na cidade. Para iso, proporcionou un diario a cada grupo de usuarios, pedíndolles que transcribisen o cotián dos xardíns durante un período de dez anos para ser expostos na súa integridade na seguinte edición, en 2017.

En 2007, os visitantes tiveron tamén a posibilidade de adquirir unha edición limitada de sementes da «árbore das pombas», ou «dos panos» [*Davidia involuocrata*] cuxas flores tardan ao redor de dez anos en florecer; xusto a tempo para recordar aos seus propietarios o momento de regresar a Münster. No seu conxunto, o proxecto convértese nun microcosmos que nos fala das relacións entre os usuarios de xardíns e a natureza, onde o ritmo de crecemento vexetal faise eco do tempo de desenvolvemento humano e colectivo.

ES Cada diez años *Skulptur Projekte* invita a artistas a realizar proxectos específicos en el espacio público de la ciudad de Münster en Alemania. Invitado en la edición de 2007, Jeremy Deller propuso una colaboración a los usuarios de los más de 80 jardines comunitarios que existen en la ciudad. Para ello, proporcionó un diario a cada grupo de usuarios, pidiéndoles que transcribieran la cotidianidad de los jardines durante un periodo de diez años para ser expuestos en su integridad en la siguiente edición, en 2017.

En 2007, los visitantes tuvieron también la posibilidad de adquirir una edición limitada de semillas de un «árbol de las palomas» o «de los pañuelos» [*Davidia involuocrata*], cuyas flores tardan alrededor de diez años en florecer; justo a tiempo para recordar a sus propietarios el momento de regresar a Münster. En su conjunto, el proyecto se convierte en un microcosmos de las relaciones entre los usuarios de los jardines y la naturaleza, donde el ritmo de crecimiento vegetal se hace eco del tiempo de desarrollo humano y colectivo.

MARTA FERNÁNDEZ CALVO

Logroño [ES], 1978.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Madrid [ES].

GL Unha semana antes da inauguración, Marta Fernández Calvo correu durante algunhas horas polos espazos do MARCO, detendo o seu curso en diferentes puntos do museo para rexistrar os seus latexos e medir o edificio co bombeo do seu corazón.

Durante a inauguración da exposición, a artista xunto cun grupo de performers, trata de chegar a ese mesmo número de pulsacións, deténdose en diferentes localizacións do museo. Para logralo, poden realizar un movemento que acelere o seu corazón, permanecer inmóbiles ou recorrer ao recordo dunha emoción forte... A cada momento que o pulso dun performer coincide co da artista, establécese unha conexión invisible moi forte entre eles e co espazo, converténdose case na mesma cousa. «O que vos separa do público é que sodes arquitectura: sodes os muros, as escaleiras ou o espazo entre ventás. Imaxinade que coa intensidade do voso pulso podeades transformar a estrutura deste antigo cárcere, dobrar as paredes, engurrar o edificio». [Marta Fernández Calvo].

532 PULSACIONES, 2017.

Una semana antes de la inauguración, **ES** Marta Fernández Calvo corrió durante algunas horas por los espacios del MARCO, deteniendo su curso en diferentes puntos del museo para registrar sus latidos y medir el edificio con el bombeo de su corazón.

Durante la inauguración de la exposición, la artista junto con un grupo de performers trata de llegar a ese mismo número de pulsaciones, deteniéndose en diferentes localizaciones del museo. Para lograrlo, pueden realizar un movimiento que acelere su corazón, permanecer inmóbiles o recurrir al recuerdo de una emoción fuerte... A cada momento que el pulso de un performer coincide con el de la artista, se establece una conexión invisible muy fuerte entre ellos y con el espacio, convirtiéndose casi en la misma cosa. «Lo que os separa del público es que sois arquitectura: sois los muros, las escaleras o el espacio entre ventanas. Imaginad que con la intensidad de vuestro pulso podéis transformar la estructura de esta antigua cárcel, doblar las paredes, arrugar el edificio». [Marta Fernández Calvo].

DORA GARCÍA

Valladolid [ES], 1965.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Barcelona [ES].

GL Un grupo de lectura reúnese semanalmente en Zurich dende 1986 para ler *Finnegans Wake* [1939] de James Joyce. Obra célebre pola súa dificultade e a coralidade das súas interpretacións posibles, estes ávidos lectores descompónena frase a frase, palabra a palabra. Cada vez que chegan ao final, recomezan a lectura de xeito incansable volvendo ao inicio do texto.

A tarefa elixida, nun primeiro instante absurda, que os reúne dende hai máis de trinta anos, permítenos imaxinar os vínculos que se teceron entre eles co paso do tempo. Unha fabulosa aventura colectiva que se escapa a calquera imperativo económico ou produtivo e na que, non obstante, percibimos unha enerxía renovada que os leva a manter a cita cada semana para continuar a práctica dunha paixón compartida, poñendo en valor as posibilidades infindas da creación e do intercambio de coñecementos.

ES Un grupo de lectura se reúne semanalmente en Zürich desde 1986 para leer *Finnegans Wake* [1939] de James Joyce. Obra célebre por su dificultad y la coralidad de sus interpretaciones posibles, estos ávidos lectores la descomponen frase a frase, palabra a palabra. Cada vez que llegan al final, recomienzan la lectura de manera incansable volviendo al inicio del texto.

La tarea elegida, a priori absurda, que les reúne desde hace más de treinta años, nos permite imaginar los vínculos que se han tejido entre ellos con el paso del tiempo. Una fabulosa aventura colectiva que se escapa a cualquier imperativo económico o productivo en la que, sin embargo, percibimos una energía renovada que les lleva a mantener la cita cada semana para continuar la práctica de una pasión compartida, poniendo en valor las posibilidades infinitas de la creación y del intercambio de conocimientos.

THE JOYCEAN SOCIETY

[A SOCIEDADE JOYCEÁ], 2013.

16. JIŘÍ KOVANDA. *Kissing Through Glass [Bicos a través do cristal]*, 10 de marzo, 2007.

Tate Modern, Londres
Documentación A4

Fotografía B/N e / y texto en papel

Cortesía: Jiří Kovanda e / y gb agency, París

Imaxe / Imagen: Iván García Fernández.

Performance 18 de marzo, 2017. 49 Nord 6 Est -
Frac Lorraine, Metz

7. HELENA ALMEIDA. *Sin título*, 2010.

Vídeo

18 min

Colección 49 Nord 6 Est -

Frac Lorraine, Metz [FR]

© Helena Almeida

17. AMALIA PICA. *Assembled*, 2015.

Instalación con cadeiras
e vídeo / Instalación con
sillas y vídeo

Cortesía: a artista e /
la artista y Kunstverein
Freiburg; Herald St. London;
Marc Foxx, Los Ángeles;
König Galerie, Berlín.

Imaxe / Imagen: Marc Doradzillo

20. ALEX REYNOLDS. *Le buisson St. Louis*, 2007.

Videoinstalación, cinco pantallas

Clément: 28 min

Jeanne: 48 min 42 seg

Maud: 22 min 30 seg

Dominique: 41 min 02 seg

Benoit: 30 min 54 seg

Cortesía: a artista / la artista

10. MARTA FERNÁNDEZ CALVO.
532 pulsaciones, 2017.

Pezas sonoras e performance
na inauguración / Piezas
sonoras y performance en la
inauguración

Cortesía: a artista / la
artista

Imaxe / Imagen: Eric Chénal.
Performance 16 de marzo,
2017. 49 Nord 6 Est - Frac
Lorraine, Metz

21. CECILIA VICUÑA. *Parti Si Pasión*, New York, 1981.

4 fotografías

Colección 49 Nord 6 Est - Frac Lorraine, Metz [FR]

© Cecilia Vicuña

8. KADER ATTIA. *Résister c'est rester invisible*
[*Resistir é permanecer invisible*], 2011.

Xiz branco sobre muro branco / Tiza blanca sobre
muro blanco

Colección 49 Nord 6 Est - Frac Lorraine, Metz [FR]

Imaxe / Imagen: Eric Chénal.

Cortesía: 49 Nord 6 Est - Frac Lorraine

© Kader Attia / ADAGP, París 2017

19. RITA PONCE DE LEÓN. *Hutzin, Elvia, Lisbeth, Clemente,*
Porfirio, Irene, Gustavo, Erika, Yaxché, Ester, Martín,
Patricia, Irene, Óscar, Laura, Toni, Maia, Rita, 2015.

Vídeo
11 min

Cortesía: a artista e / la artista y galería 80m2
Livia Benavides

18. RITA PONCE DE LEÓN.

Mesa de centro bajo, 2017.

Cortesía: a artista e / la
artista y galería Ignacio
Liprandi

Imaxe / Imagen: Iván García
Fernández

11. DORA GARCÍA. *The Joycean Society [A Sociedade Joyceá],*
2013.

Vídeo, cor / Vídeo, color, 16:9
53 min

© The Joycean Society, Dora García

6. LARA ALMARCEGUI. *Un café al aire libre para los*
hortelanos. Asociación de huertas Van Houten,
Weesp [Ámsterdam], 2003.

Cortesía: a artista / la artista

9. JEREMY DELLER. *Speak To The Earth and It*
Would Tell You [Münster] [Fálalle á Terra
e ela che dirá], 2007-2017.

Verán 2007 nos xardins / Verano 2007 en
los jardines

Cortesía: o artista / el artista

JIŘÍ KOVANDA

Praga (CZ), 1953.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Praga (CZ).

[KISSING THROUGH GLASS]

[BICOS A TRAVÉS DO CRISTAL]

[2007.]

Durante unhas horas, o artista lanza un convite ^[GL] aos visitantes e espera pacientemente a que sexa atendido: «Jiří Kovanda estará detrás do cristal e convidavos a bicalo a través deste». Non importa que este material constituía unha barreira física, pois este xesto, entre inocente e provocativo, xera reaccións diversas: dúbidas, rubores, sorrisos, complicidade ou renuncia a participar.

Este intercambio aparentemente hixiénico, filtrado, non impide un momento íntimo, compartido, entre o artista e os que se animan a bicalo. Malia non poder tocarse, resulta imposible evitar a mirada directa, o encontro entre mans ou o formigueo nervioso. Unha acción que apela ao amor de calquera tipo, á necesidade de crear un espazo aberto ao outro no medio dun mundo rexido polo individualismo e a competitividade feroz.

^[ES] Durante unas horas, el artista lanza una invitación a los visitantes y espera pacientemente a que sea atendida: «Jiří Kovanda estará detrás del cristal y os invita a besarle a través del mismo». No importa que este material constituya una barrera física, pues este gesto, entre inocente y provocativo, genera reacciones diversas: dudas, sonrojos, sonrisas, complicidad o renuncia a participar.

Este intercambio aparentemente higiénico, filtrado, no impide un momento íntimo, compartido, entre el artista y quienes se animan a besarle. Pese a no poder tocarse, resulta imposible evitar la mirada directa, el encuentro entre manos o el cosquilleo nervioso. Una acción que apela al amor de cualquier tipo, a la necesidad de crear un espacio abierto al otro en medio de un mundo regido por el individualismo y la competitividad feroz.

AMALIA PICA

Nequén (AR), 1978.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Londres (GB).

^[GL] Un grupo de voluntarios camiña en fila, levando diferentes cadeiras coas que tratan de formar un círculo coma se fosen iniciar unha asemblea, pero sen chegar a logralo. Cada vez que a última persoa da fila inicia o xesto de instalar a súa cadeira para sentar, a primeira persoa que sentara levántase e recomeza a tarefa de realizar un novo círculo próximo ao primeiro.

Unha coreografía coa que Amalia Pica explora que temos en común, nun esforzo por atopar códigos de comunicación que trascendan a linguaxe oral, así como sucede nas prazas públicas cando os corpos se atopan. A performance que dá orixe a esta instalación e vídeo documental interrógase sobre as dinámicas de grupo, os modos de colaboración, a negociación entre os corpos, o que facilita a inclusión ou propicia a exclusión, a partir dunha metáfora sociopolítica que interrompe o ritmo cotián da cidade ou o museo.

ASAMBLADO, 2015.

^[ES] Un grupo de voluntarios camina en fila, llevando diferentes sillas con las que tratan de formar un círculo como si fueran a iniciar una asemblea, pero sin llegar a lograrlo. Cada vez que la última persona de la fila inicia el gesto de instalar su silla para sentarse, la primera persona que se había sentado se levanta y recomienza la tarea de realizar un nuevo círculo cercano al primero.

Una coreografía con la que Amalia Pica explora qué tenemos en común, en un esfuerzo por encontrar códigos de comunicación que trasciendan el lenguaje oral, así como sucede en las plazas públicas cuando los cuerpos se encuentran. La performance que da origen a esta instalación y vídeo documental se interroga sobre las dinámicas de grupo, los modos de colaboración, la negociación entre los cuerpos, lo que facilita la inclusión o propicia la exclusión, a partir de una metáfora sociopolítica que interrumpe el ritmo cotidiano de la ciudad o el museo.

RITA PONCE DE LEÓN

Lima (PE), 1982.

Vive e traballa / Vive y trabaja en México DF (MX).

[GL] Con que frecuencia se inicia unha conversación con alguén descoñecido que se atopa fronte a nós? Esta mesa foi privada da súa primeira utilidade para ser transformada nun dispositivo relacional ambivalente. Os corpos que sentan arredor dela tópanse cunha barreira pero, ao mesmo tempo, rózanse lixeiramente, véndose potencialmente abocados ao encontro entre eles.

Trátase dunha estrutura que convida a quedar, a fitarse aos ollos, a falar, sorrir, ruborizarse, sentirse a gusto ou non. É unha experiencia de liberdade que crea proximidade e incita a saír das posturas habituais e cotiás, explorando diferentes posibilidades á hora de compartir un espazo, unha situación ou a nosa posición en relación coa dos demais.

¿Con qué frecuencia se inicia una conversación con alguien desconocido que se encuentra enfrente de nosotros? Esta mesa ha sido privada de su primera utilidad para ser transformada en un dispositivo relacional ambivalente. Los cuerpos que se sientan alrededor de ella se topan con una barrera pero, al mismo tiempo, se rozan ligeramente, viéndose potencialmente abocados al encuentro entre ellos.

Se trata de una estructura que invita a quedarse, a mirarse a los ojos, a hablar, sonreír, sonrojarse, sentirse a gusto o no. Es una experiencia de libertad que crea proximidad e incita a salir de las posturas habituales y cotidianas, explorando diferentes posibilidades a la hora de compartir un espacio, una situación o nuestra posición en relación con la de los demás.

MESA DE CENTRO BAJO, 2017.

HUTZIN, ELVIA, LISBETH, CLEMENTE, PORFIRIO,

IRENE, GUSTAVO, ERIKA, YAXCHÉ, ESTER,

MARTIN, PATRICIA, IRENE, ÓSCAR, LAURA, TONI,

MAIA, RITA, 2015.

[GL] A universidade da terra, *Unitierra*, atópase en Oaxaca, México. Aquí practícase a aprendizaxe libre, que se sustenta sobre un principio de gran flexibilidade e adaptabilidade aos procesos de aprendizaxe dos participantes.

Tras asistir a varias das actividades cotiás da organización, Rita Ponce de León propuxo a algúns dos seus integrantes realizar un vídeo que reflectise a súa relación coa terra e a súa concepción desta rede de aprendizaxe, estudo, reflexión e acción. Algunhas das accións levadas a cabo consistiron en enterrarse como sementes na terra para crecer, descansar xuntos de xeito discreto ou moverse lixeiramente. «Moitas situacións leváronme a pensar no que eu podo facer dende o meu labor como artista, vincularme con outros para cambiar silenciosa ou ruidosamente as lóxicas de vida que considero que nos constrinxen». [Rita Ponce de León].

[ES] La universidad de la tierra, *Unitierra*, se encuentra en Oaxaca, México. Aquí se practica el aprendizaje libre, que se sustenta sobre un principio de gran flexibilidad y adaptabilidad a los procesos de aprendizaje de los participantes.

Tras asistir a varias de las actividades cotidianas de la organización, Rita Ponce de León propuso a algunos de sus integrantes realizar un vídeo que reflejara su relación con la tierra y su concepción de esta red de aprendizaje, estudio, reflexión y acción. Algunas de las acciones llevadas a cabo consistieron en enterrarse como semillas en la tierra para crecer, descansar juntos de manera discreta o moverse ligeramente. «Muchas situaciones me llevaron a pensar en lo que yo puedo hacer desde mi labor como artista, vincularme con otros para cambiar silenciosa o ruidosamente las lógicas de vida que considero que nos constriñen». [Rita Ponce de León].

ALEX REYNOLDS

Bilbao (ES), 1978.

Vive e traballa / Vive y trabaja entre Bruselas (BE) e / y Berlín (DE).

GL Tras maio de 1968, un grupo de familias decide construír unha pequena comunidade de apartamentos nun antigo almacén do barrio de Belleville en París. A presenza de espazos compartidos [sala común, lavandería...] reflicte a vontade de reinventar as ofertas habitacionais da época, así como de cuestionar os esquemas sociais preestablidos.

Alex Reynolds fala cos integrantes dunha destas familias [pais e tres fillos], que relatan os vínculos entre os ideais políticos e a vida cotiá. «Quixemos conseguir no plano persoal aquilo que fracasara no plano político», di unha das residentes. Os desexos e as necesidades de compartir evolucionan e transfórmanse co paso do tempo e, entre as novas xeracións, álzanse voces que esixen un cambio.

ES Tras mayo de 1968, un grupo de familias decide construír una pequeña comunidad de apartamentos en un antiguo almacén del barrio de Belleville en París. La presencia de espacios compartidos [sala común, lavandería...] refleja la voluntad de reinventar las ofertas habitacionales de la época, así como de cuestionar los esquemas sociales preestablecidos.

Alex Reynolds habla con los integrantes de una de estas familias [padres y tres hijos], que relatan los vínculos entre los ideales políticos y la vida cotidiana. «Quisimos conseguir en el plano personal aquello que había fracasado en el plano político», dice una de las residentes. Los deseos y las necesidades de compartir evolucionan y se transforman con el paso del tiempo y, entre las nuevas generaciones, se alzan voces que exigen un cambio.

CECILIA VICUÑA

Santiago (CL), 1948.

Vive e traballa / Vive y trabaja en Nova York / Nueva York (US).

GL En 1981, Cecilia Vicuña trazou nunha rúa deserta de Manhattan [Nova York] «PARTI SI PASIÓN», establecendo un xogo de palabras entre participación e paixón. Malia estar suxeita ás intemperies, esta inscrición realizada coas cores das bandeiras chilena e estadounidense resulta efémera pero categórica.

A artista e poeta fragmenta as palabras para suxerir novos significados nunha práctica de deconstrución da linguaxe entre o español e o inglés. Unha exploración das posibilidades das palabras lidas de xeito individual ou unidas no colectivo, que convida á participación con todas as súas consecuencias. A paixón leva consigo alegría pero tamén, na súa etimoloxía latina, alude ao sufrimento, o que nos recorda a importancia tanto de celebrar a vida coma de compartir a dor. Aquí o «si» álzase como condición e, segundo o seu ton, como unha afirmación necesaria.

En 1981, Cecilia Vicuña trazó en una calle desierta de Manhattan [Nueva York] «PARTI SI PASIÓN», estableciendo un juego de palabras entre participación y pasión. Pese a estar sujeta a las intemperies, esta inscripción realizada con los colores de las banderas chilena y estadounidense resulta efímera pero categórica.

La artista y poeta fragmenta las palabras para sugerir nuevos significados en una práctica de deconstrucción del lenguaje entre el español y el inglés. Una exploración de las posibilidades de las palabras leídas de manera individual o unidas en lo colectivo, que invita a la participación con todas sus consecuencias. La pasión conlleva alegría pero también, en su etimología latina, alude al sufrimiento, lo que nos recuerda la importancia tanto de celebrar la vida como de compartir el dolor. Aquí el «si» se alza como condición y, según su entonación, como una afirmación necesaria.

PARTI SI PASIÓN,

NEW YORK, 1981.



19

11



9



16

20



10

